

## ***Achega colectiva da rede de asociación crenes LGTBI+ en España ó proceso sinodal***

Á atención da Secretaría Xeral do Sínodo:

As asociación crenes LGTBI+ de España que subscriben este documento aceptamos con ilusión a proposta de participar no Camiño Sinodal. Entendemos que esta invitación é universal e, polo tanto, inclúe tamén a quen fomos ata agora abeirados ós marxes da pastoral. Desexamos compartir con toda a Igrexa a través da canle que se nos ofrece para a preparación do Sínodo da Sinodalidade, o xeito no que o Espírito Santo se fixo presente dunha forma senlleira na nosa realidade LGTBI+, así como na das nosas nais e pais, permitíndonos acoller o amor de Deus manifestado na nosa diversidade. Do mesmo xeito sentímonos animados polo mesmo Espírito para pedir á Igrexa que afonde durante o Sínodo nalgúns cambios precisos de actitude e de doutrina xa comezados con relación ás persoas LGTBI+.

Ó longo deste proceso sinodal só unha das dioceses españois das cales somos membros pediu falar con nós, e noutras tres mantivéronse contactos informais. Así e todo, outras non responderon cando lles propuxemos reunirnos canda os seus representantes para dialogar. Isto non é senón una clara mostra de canto a miúdo nos atopamos con dificultades e incluso rexeitamento na nosa propia comunidade eclesial para poder vivir e expresar o que somos, sentimos e desexamos; provocando un gran sufrimento persoal, familiar e comunitario. Agora ben, pola nosa parte, como membros da comunidade eclesial, estamos dispostos a seguir loitando e tendendo pontes coas distintas institucións eclesiais: parroquias, dioceses, congregacións relixiosas, movementos.

A Igrexa sinodal é a formada por homes e mulleres de corazón aberto, Igrexa que anuncia a ledicia do Evanxeo na que todas e todos camiñamos xuntos. Igrexa que se move pola forza da Palabra de Xesús: Eu son o Camiño, a Verdade e a Vida. É a Igrexa-Pobo de Deus que antepón a misericordia, constituída por persoas dispostas a deixarse levar polo Espírito, creando un propio “camiñar xuntos”, sen excepcións, sen exclusións. Na que Tradición e Doutrina non son un obstáculo para facer Comunidade.

Dentro desta realidade existimos grupos de homes e mulleres LGBTI+ cristiáns que estamos decididos a reivindicar a nosa pertenza á Igrexa e, polo tanto, convocados ó camiño da sinodalidade. Os nosos compañeiros de viaxe saberán que a nosa vida é unha continua experiencia do amor que Deus nos ten. Se nos di que estamos en pecado, ninguén mellor que nosoutas e nosoutros para coñecermos o que é perseverar no amor do Pai. Insúltasenos e perséguesenos e, por iso, aprendemos a misericordia e o perdón.

O camiño da sinodalidade só é posible se hai escoita recíproca e diálogo sincero. A Igrexa atópase en débeda de escoita cara os colectivos afastados, excluídos e marxidados, particularmente coas persoas divorciadas, e coa realidade das que suman o colectivo LGTBI+. As persoas con orientación sexual ou identidade de xénero diversas no son froito dunha caprichosa “ideoloxía de xénero”. A súa existencia real como parte inherente e propia da natureza humana ven demostrada dende a bioloxía, a psicoloxía, a psiquiatría, a antropoloxía e outras ciencias; non respondendo a un mero antollo ou unha auto inducida e perniciosa falla de madurez da personalidade.

As persoas LGTBI+ estamos na Igrexa con unha actitude de diálogo sereno e respectuoso. Non obstante, a incompreensión e as situacións de rexeitamento, que en ocasións experimentamos, motivaron, se cabe, en afianzar a nosa fe e en perseverar nunha sincera e comprometida vontade de diálogo, con toda a comunidade cristiá que se constrúe dende o encontro, o diálogo e a comunión, dende o que nos une e enriquece na diversidade.

Creemos, ademais, que entre os dons valiosos cos que Deus nos colmou, está o da propia afectividade, reflexo da capacidade que posuímos para amar a Deus e ó próximo. Por iso, podemos ser e, de feito o somos, exemplo de itinerarios de conciliación entre a afectividade e a fe. Esta convicción provén dun profundo, madurado e discernido proceso de escoita a nós mesmos, e ós demais, e a Deus que nos fala na nosa realidade cotiá.

O noso camiño na Igrexa é un camiño acompañado doutros colectivos marxinados, por iso, non podemos esquecernos do papel da muller na Igrexa. As persoas LGTBI+ imos facendo camiño xunto con elas. Agora ben, non podemos nin queremos negar a realidade necesaria para establecer un auténtico diálogo eclesial. Todas e todos os bautizados formamos parte da Igrexa, e é o propio Xesús Cristo quen nos pide camiñar xuntos. Xesús preséntase a si mesmo como o Camiño, a Verdade e a Vida. Pero, en realidade, nese camiño marcado polo Mesías existen preferencias, dereitos negados e exclusións manifestas. A imaxe que se ofrece é a dun camiño do que se apropiaron quen marcan a doutrina e a tradición; e ourelaron ós diversos sendeiros paralelos polos que discorre o resto do pobo de Deus, sen apenas ocasións para sentirse parte da Igrexa.

Ás veces temos a sensación de que as persoas LGTBI+ na acción pastoral somos invisibles. Parece que non existimos nin nas homilías nin en ningunha manifestación pastoral, salvo en contados casos que non acostuman a ser precisamente positivos. Experimentamos unha dobre vara de medir que depende moito de quen sexa o ministro do momento que nos atenda, e isto non é aceptable. Vivimos presións de diverso tipo: pastoral, laboral, familiar, para abandonar un encargo, un traballo, e incluso unha misión pastoral por causa da nosa condición.

A nosa realidade está deixada ó marxe expresamente e, de feito, estamos habitúadas a situarnos nas fronteiras da Igrexa. O colectivo LGTBI+, as persoas divorciadas ou as persoas consagradas que deixaron o seu ministerio para casarse, e por suposto a muller, afastada pola tradición do sacramento da Orde Sacerdotal polo que a súa capacidade de decisión na Igrexa sitúase por debaixo da do home.

Votamos en falta unha DENUNCIA PROFÉTICA. Así como existen manifestacións de apoio e denuncia oficial doutras realidades (mulleres e inmigrantes), esquecese que a LTBIFOBIA tal como establece a ONU é unha vulneración máis dos dereitos humanos. Invisibilizan ás persoas LGTBI+ que foxen dos 70 países nos que se condena con pena de prisión esta realidade e nos que se aplica a pena de morte, ademais das persoas que cada ano piden asilo para salva-la vida. Este silencio resulta doloroso e cómplice de inxustiza.

Os nosos compañeiros de viaxe deben coñecer que a realidade LGTBI+ foi tradicionalmente invisibilizada e condenada, obrigándonos a vivir unha falsa dobre vida, negándonos a nós mesmos para poder sentirnos aceptados dentro da Igrexa e das súas estruturas. Obrigóusenos a manter pechados os talentos que Deus nos concedeu coma fillas e fillos seus, coma se fose algo malo aínda que proveñen do mesmo Deus.

Esta experiencia de rexeitamento provocou no colectivo LGTBI+, noutras realidades afastadas, o abandono da Igrexa e incluso na apostasía de moitos. Esta postura procede da

presentación intransixente dos documentos doutrinais (*Declaración acerca de ciertas cuestiones de ética sexual, Sagrada Congregación para a Doutrina da Fe, 29/12/1975*) y 1986 ; *Carta ós bispos da Igrexa Católica sobre a atención pastoral ás persoas homosexuais, Congregación para a Doutrina de la Fe, 1/10/1986*) que contén unha visión non realista conforme ós estudos das ciencias humanas, e que darán lugar ó formulado nos números 2357, 2358 y 2359 do Catecismo da Igrexa Católica.

Os intentos de diálogo institucional, salvo nalgunhas excepcións, foron ó final invisibles, pedíndosenos discreción, tendo escasa ou nula incidencia na igrexa local. A realidade das familias formadas por persoas LGTBI+ é unha realidade invisible tamén e, en ocasións, o acceso ós sacramentos dos nosos fillos (que é un dereito de todo fiel bautizado) depende da actitude “boista” do ministros co que nos atopemos.

O mesmo acontece coa muller trans en situación de prostitución, que non entra dentro da categoría eclesial do que denominan algúns como “marxinados”. En xeral, o conxunto de persoas trans manifestan na historia da súa relación coa Igrexa haber tido algunha situación de rexeitamento, sufrimento ou incompreensión, cando non de burla e falla de respecto acerca da súa condición, por parte dalgún ministro. A aceptación da realidade da bisexualidade e da intersexualidade simplemente non se considera no ámbito eclesial.

A pesar destas dificultades, queremos unha Igrexa Nai, disposta a tratarnos como fillas, que se achegue coa intención de coñecernos e eliminar os prexuizos que xeran odio.

Aproveitamos a oportunidade de diálogo para facer unha serie de suxestións que deben ser tidas en conta como precisas, como camiño a implementa-la realidade do colectivo LGTBI+ na Igrexa.

Por todo o expresado anteriormente e con todo respecto, PROPOÑEMOS:

**ACOLLIDA E PLENA INTEGRACIÓN.** As persoas LGTBI+ deben ser acollidas real e plenamente dentro do seo da Igrexa, en idénticas condicións ás de calquera outra persoa bautizada. Non se pode facer depender a súa participación plena a que fagan renuncias identitarias ou de relación interpersoal. Cada unha das persoas LGTBI+ deben ser admitidas coma un membro máis, insubstituíble, para completa-lo corpo místico de Cristo, amado por Deus tal como é, regalo da súa diversidade, integrando no pobo da Igrexa. Pedímo-la consecución do ideal dunha comunión plena entre tódolos bautizados, onde a realidade da diversidade sexa presente en tódolos ámbitos eclesiais. Somos conscientes de que se están producindo experiencias reais desta pastoral LGTBI+, e parécenos urxente que se establezan claros criterios comúns no ámbito pastoral, que eviten a arbitrariedade da persoa responsable de quenda.

**REFLEXIÓN ECLESIAL.** Invitamos ós nosos pastores da Igrexa Católica a unha serea reflexión e achegamento á realidade LGTBI+. Deste modo a Igrexa sería un referente moral para a acollida amorosa de tódalas persoas, ó modo de amizade social á que nos invita Fratelli Tutti.

**DOUTRINA.** Para que a acollida e integración sexan plenas, é preciso revisar algúns aspectos da doutrina en relación coas persoas LGTBI+. Para os cristiáns, a referencia última e central é o Evanxeo. En moitas ocasións aparece o mesmo Xesús acollendo a cada persoa que se achega en busca de axuda: a samaritana, a adúltera, o fillo pródigo, o centurión... Contrastando con esta práctica de Xesús, temos a afirmación do Catecismo da Igrexa Católica sobre “a inclinación obxectivamente desordenada”. Esta debería ser revisada e eliminada á luz dos coñecementos científicos actuais e á realidade social actual; xa que

provocan o se afastamento da Igrexa e xeran a discriminación destas persoas. Será preciso revisar outros documentos que realizan afirmacións nesta mesma liña de rexeitamento e que están á base desta afirmación. Para iso, solicitamos a creación dun grupo de reflexión de xénero dende instancias máis universais como pode se-lo ámbito do Vaticano, onde nós comprometémonos dende a rica diversidade que constitúen os nosos grupos (psicólogos, profesionais de diversas áreas, teólogos) a contribuír coa nosa aportación, traballo e reflexión. Grupo que poida te-la súa ramificación nos distintos ámbitos nacionais e diocesanos.

**ACOLLIDA NAS FAMILIAS.** Precísase acompañamento e formación por parte da Igrexa ás familias, porque, na nosa realidade coñecínmos, con tristura, casos en que familias cristiáns con fillos LGTBI+ foron rexeitados ó coñecer a súa diversidade sexual. A Igrexa Universal maniféstase primeiro na igrexa doméstica, que debe se-la primeira manifestación palpable da plena acollida amorosa de tódolos seus membros, independentemente da súa orientación ou identidade sexual, para que poidan descubrir e vivir plenamente a súa realidade nun contexto familiar. Pedimos á nosa Igrexa que apoie activamente a estas igrexas domésticas familiares, para que acollan a tódolos seus membros co mesmo amor co que Deus nos acolle a tódolos seus fillos. Solicitamos que se teña presente, se respecte e se implemente nas dioceses o número 250 da *Amoris Laetitia*.

**ACCESO ÓS SACRAMENTOS.** Precisamos con urxencia revisar a teoloxía dos sacramentos polas súas implicacións na vida pastoral da Igrexa, xa que a vida sacramental é o alimento da fe, para toda a comunidade. Supoñen a manifestación comunitaria da acollida plena e sen discriminación. As persoas LGTBI+ deben ter acceso a tódolos sacramentos nas mesmas condicións que o resto dos membros da Igrexa, moi especialmente os sacramentos de misión ou servizo: a Orde Sacerdotal e o Matrimonio. Temos experiencia que a súa testemuña de vida enriquece dun modo único e insubstituíble a vida de fe comunitaria.

**ACOLLIDA EN PARROQUIAS E COMUNIDADES.** Coa finalidade de favorecer que a acollida sexa efectiva e non se demore, é recomendable impulsar dende as parroquias e comunidades a aceptación e integración das persoas LGTBI+ de forma proactiva, promovendo actividades de sensibilización da comunidade, que permita a integración dentro da vida comunitaria. Os responsables prestarán especial atención ó acompañamento destas persoas e ó seu entorno, pois desgraciadamente son a miúdo fonte de conflito no seo das familias. Na liña ademais da protección dos menores implementada polo Papa Francisco, solicitamos garante de protección e acompañamento para os nenos e adolescentes LGTBI+ de xeito que poidan crecer na fe, tamén nun entorno seguro coma o resto dos menores.

**EDUCACIÓN.** A dimensión educativa da Igrexa, a través da actividade catequética e as institucións católicas de ensinanza, debe incorporar a reflexión sobre a realidade LGTBI+ dentro dos programas formativos, cunha perspectiva de aceptación e acollida incondicional. Propoñemos, ademais, ós colexios católicos a posibilidade de declararse arredores seguros, manifestando de xeito claro e público o seu rexeitamento a calquera tipo de delito de odio, entre os que se atopa a LGTBIFOBIA. Ademais propoñemos seguir levando a cabo programas de educación afectivo-emocional nos seminarios e noviciados. Ter ministros equilibrados neste campo, será fundamental para facer un proceso conxunto e de aceptación.

**VISIBILIZACIÓN.** As persoas LGTBI+ xa están dentro da Igrexa, como cregos, consagrados e consagradas, laicas e laicos en parroquias e movementos eclesiais. Así e todo, moitas de estas persoas viven en secreto a súa orientación ou a súa identidade sexual, algunhas porque non son capaces de recoñecela e aceptala, outras porque, recoñecéndoa,

teñen medo a manifestarse á comunidade. Esconde-lo que son de forma permanente provoca unha ferida e privalles de vivir plenamente a súa vocación en comunidade. Temos que facilitar a “visibilidade”, para que sexan acollidas coa súa realidade, poidan transformar as súas comunidades por dentro e faciliten a acollida dos que decidiron ou se viron obrigados a quedarse fora.

**PETICIÓN DE PERDÓN.** A acollida á que invitamos á Igrexa leva parello o recoñecemento de anos de rexeitamento e discriminación, con terribles consecuencias de dor e ruptura interior para as persoas LGTBI+ que estaban integradas dentro do seo da Igrexa. Debemos pedir perdón de xeito público, dende o ámbito da Igrexa Universal á particular e dende cada parroquia, polo dano ocasionado a tantas persoas amadas por Deus dun modo diferente, pero rexeitadas pola súa Igrexa.

A todos e todas nos queda seguir traballando no seo da Igrexa á que amamos, na que coñecimos a Xesús, o totalmente inclusivo, para que sexa cada día máis acolledora. Queira Deus que os talentos, agasallados ós crentes con diversas sexualidades e identidades de xénero continúen multiplicándose para poñelos ó servizo do seu Reinado coa colaboración dos nosos pastores.

Pedimos que o Espírito nos guíe neste camiñar comunitario, e agradecemos a posibilidade de poder contribuír a isto coma membros da Igrexa.

**Asinantes:**

- o **Asociació Cristiana de Lesbianes, Gais, Transsexuals i Bisexuals - ACGIL (Catalunya)**
- o **BETANIA LGTBI+ - Bilbao (Euskadi)**
- o **CHRISMUR Cristianos LGBTQI+ (Región de Murcia)**
- o **CRISMHOM Comunidad cristiana LGTBI+H. Asociación de diversidad sexual e identidad de género (Comunidad de Madrid)**
- o **CRISTIANOS TRANS (España)**
- o **Espacio de diversidad LGTBI - CVX-San Ignacio-Valencia (Comunitat Valenciana)**
- o **Grupo de Espiritualidad «La Casita»- Santa Cruz de Tenerife (Islas Canarias)**
- o **Grupo de Fe Y Espiritualidad - FELGTTBI+ (España)**
- o **ICHTHYS Comunidad y Asociación de Cristianas y Cristianos LGTB+H de Sevilla (Andalucía)**
- o **M.H.C. Nueva Magdala (Comunidad de Madrid)**
- o **PADIS Canarias (Islas Canarias)**
- o **PADIS+G Sevilla (Andalucía)**